

O PSOE rexeita en Monforte a supresión do partido xudicial e anuncia a distribución dunha guía informativa nos concellos afectados que amosa “a verdadeira intención coa que o PP fai esta medida”

González Santín, Ricardo Varela, Vicente Docasar, o secretario de Política Municipal, outros representantes do PSOE na comarca de Lemos concentráronse diante do xulgado de paz, dentro da campaña de mobilizacións emprendida a finais de abril, e que xafoi levada a municipios como Vilalba e A Fonsagrada

“Os veciños teñen que saber que Gallardón defende unha visión elitista e discriminatoria da xustiza, afastándoa das persoas. Esas decisións non son de ningunha herdanza. Son decisións deste Ministro, e das que son cómplices Rajoy e Feijóo. Eles gobernan, eles teñen maioría absoluta. Que non busquen culpables. Están a tempo de paralas. Se non o fan é porque non queren”, subliñou Santín

A demarcación de Monforte dá servizo a un total de 42.000 habitantes, que se atopan a unha distancia máxima de algo máis de 30 minutos do Partido Xudicial. Co novo mapa do Goberno, algúns, como os do Courel, terán que asumir desprazamentos de case dúas horas para chegar ao novo Tribunal Provincial de Instancia que estará situado na capital; o que provocará importantescustos sociais e económicos

MONFORTE DE LEMOS, 16 DE MAIO DE 2014.- O secretario provincial –Juan Carlos González Santín-, acompañado do senador por Lugo –Ricardo Varela-, do secretario de Política Municipal –Álvaro Santos-, do deputado autonómico –Vicente Docasar-, do voceiro do PSdeG-PSOE de Monforte –José Tomé Roca-, e doutros representantes do Partido na comarca de Lemos, concentráronse este venres diante do xulgado de paz para amosar o rexeitamento do Partido Socialista ao proxecto da Lei Orgánica do Poder Xudicial, imposto polo Goberno Central, e que provocará o peche do órgano monfortino, alonxando así aos cidadáns desta comarca do seu dereito á tutela xudicial. Por este motivo, o dirixente do PSOE da provincia anunciou que os socialistas distribuirán en cada municipio afectado unha guía informativa, elaborada polos socialistas co fin de que os cidadáns coñezan, punto por punto, os efectos negativos desta nova medida, así como “a verdadeira intención coa que a fai o PP”.

A concentración levada a cabo polos representantes do PSOE, enmárcase dentro do compromiso asumido por González Santín na reunión mantida a finais de abril con alcaldes e voceiros socialistas, e na que acordaron promover unha serie de mobilizacións nos diferentes municipios implicados pola redución das circunscricións. E é que, tal e como recoñeceu o secretario provincial, logo de coñecer de primeira man como repercute esta drástica medida ao partido xudicial monfortino, ao igual que fixo en días pasados en Vilalba e en Fonsagrada, o proxecto supón un novo recorte doutro servizo público para os veciños dos oitos concellos que conforman esta circunscrición.

“Os veciños teñen que saber que Gallardón defende unha visión elitista e discriminatoria da xustiza, afastándoa das persoas: aplica taxas, privatiza o Rexistro Civil, suprime os xulgados e, agora, os partidos xudiciais. Esas decisións non son de ningunha herdanza. Son decisións deste Ministro, e das que son cómplices Rajoy e Feijóo. O PP está a tempo de paralas antes de que pase o mesmo que coa Lei do Aborto. Eles gobernan, eles teñen maioría absoluta, así que que non busquen culpables. Se non o fan é porque non queren”, destacou o González Santín.

NOTA DE PRENSA

Na actualidade, a demarcación de Monforte dá servizo a un total de 42.000 habitantes dos municipios de Bóveda, Folgoso do Courel, Pantón, Pobra de Brollón, Quiroga, Ribas de Sil, O Saviñao e Sober. Hoxe en día, a poboación da comarca atópase a unha distancia máxima de algo máis de 30 minutos do Partido Xudicial pero, co novo mapa formulado polo Goberno, terá que asumir desprazamentos de case dúas horas para chegar aos novo Tribunal Provincial de Instancia que estará situado na capital. É o caso, por exemplo, dos cidadáns do municipio do Courel.

Á vista destes datos, “queda claro” que o proxecto do Goberno de Rajoy, indicou o secretario provincial, “discrimina á cidadanía de Lemos. Da proximidade da xustiza no seu territorio que dá resposta efectiva aos seus problemas, pasaríase a un sistema totalmente excluínte para aqueles veciños que teñen que acudir ata o Xulgado de Lugo, estando obrigados a asumir máis custos por desprazamento e a facer percorridos máis longos”.

“Un dereito fundamental”

O dereito constitucional de acceso á xustiza (art. 24 da Constitución Española) é un dereito fundamental que garante todos os demais dereitos. Por iso, “se non se pode acceder á xustiza, non hai dereitos”, defendeu o secretario provincial. Isto, ademais, ten un custe social e económico, pois provocará un aumento do despoboamento, xa que funcionarios, xuíces, avogados, procuradores... veranse obrigados a desprazarse a Lugo.

“Teremos que pagar por aquilo que hoxe é gratis”

O Goberno socialista aprobou unha Lei do Rexistro Civil, e grazas a ela hoxe os cidadáns, dende a súa casa e a través da Internet, poden solicitar gratis as partidas de nacemento ou defunción, e ata a de últimas vontades e o certificado de penais. “Todo iso sen saír da casa e sen pagar un só euro. Pola contra, no futuro, coa medida do Partido Popular, tamén teremos que pagar por aquilo que hoxe é gratis”, concluíu.